



XUNTA
DE GALICIA



RESUMO PROGRAMA IGNICIA – PROBA CONCEPTO

Beneficiarios Organismos de Investigación (públicos e privados) en Galicia:

- Universidades do sistema universitario galego, a través das OTRIS.
- Fundacións galegas sen ánimo de lucro (incluídas as de Investigación Sanitaria).
- Centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica.
- Centros en Galicia do CSIC.
- Centros en Galicia do IEO.

Obxecto

O programa ten como finalidade poñer en valor e apoiar o desenvolvemento das aplicacións comerciais da investigación xerada polos centros de coñecemento. Constitúese polo tanto cos seguintes obxectivos:

- Facilitar a transferencia de resultados de investigación ao mercado.
- Acelerar e aumentar os éxitos nos procesos de transferencia tecnolóxica.
- Detectar tempranamente proxectos con potencial innovador e de mercado
- Apoiar o cambio cultural no ámbito científico
- Contribuír á rendabilización económica e social do investimento público en investigación.

Proxectos

Deben abordar probas ou actuacións posteriores á obtención do resultado de investigación que se pretende explotar, e que permitan validar unha tecnoloxía en condicións reais ou cuasi reais. De acordo co sistema TRL (Technology Readiness Levels), concebido como un medio para medir os niveis de madurez da tecnoloxía, os proxectos presentados deberán estar situados nun TRL4 ou superior.

Os proxectos presentados deberán ter a capacidade de xerar resultados con aplicación na sociedade; estes resultados deberán ter potencial comercial e xerar retornos, independentemente do prazo no que estes se produzan.

Metodoloxía Fondo Ciencia da Fundación Barrié

RESUMO PROGRAMA IGNICIA – PROBA CONCEPTO

Fases

1. **Fase de Maduración:** Nesta fase os proxectos de investigación presentados recibirán asesoramento e serán avaliados por expertos nacionais e internacionais recibindo información e recomendacións sobre o estado de madurez tecnolóxica do proxecto, o que permitirá o acceso de aqueles finalmente seleccionados á fase de investimento.
 - i. **Presentación de solicitudes:** 1 mes dende a apertura do prazo
 - ii. **Análise e avaliación:** A avaliación efectuarase en dúas etapas sucesivas, tendo a primeira carácter excluínte:
 - **1ª avaliación e preselección:** Nesta primeira análise comprobarase a adecuación dos proxectos que se presenten aos obxectivos do programa, así como dos restantes requisitos considerados mínimos para poder optar ao financiamento. A dita avaliación actuará como filtro, sendo precisa a superación da mesma para poder pasar á seguinte. Pasarán un máximo de 25 proxectos.
 - **2ª avaliación e selección definitiva:** Nesta fase, realizarase unha avaliación exhaustiva e en detalle de cada un dos proxectos que supere satisfactoriamente a primeira avaliación, tanto de aspectos técnicos, como de viabilidade económica e comercial. Incluirá a emisión dun *informe sobre a calidade da ciencia en termos de protección, propiedade e maduración tecnolóxica*. Pasarán un máximo de entre 6 e 10 proxectos
 - iii. **Plan de desenvolvemento e comercialización:** os proxectos de investigación seleccionados recibirán, durante aproximadamente dous meses, *asesoramento especializado para a elaboración e mellora dun plan de desenvolvemento e comercialización*
2. **Fase de Investimento:** De acordo co establecido no plan de desenvolvemento e comercialización dos proxectos seleccionados (vía fase de maduración ou acceso directo), o Comité de Investimentos propoñerá contribuír ao financiamento dos proxectos a través dunha *aportación patrimonial onerosa*
3. **Fase de Seguimento**



XUNTA DE GALICIA

galicia
o bo camiño